



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Socioloxía: Socioloxía da educación

Materia	Socioloxía: Socioloxía da educación			
Código	P02G110V01105			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Traba Díaz, Amada			
Profesorado	Porto Porto, Benjamin Traba Díaz, Amada			
Correo-e	amadat@uvigo.es			

### Web

**Descrición xeral** Materia troncal na formación inicial do profesorado, imprescindible para que as e os futuros docentes comprendan a complexidade dos procesos e relacións educativas. O programa pretende achegar as dimensións estruturais e ideolóxicas que preceden, condicionan e entrelazan os procesos educativos. A reflexión que se fai nesta materia debería contribuír a unha praxe docente racional e consciente. Os contidos céntranse fundamentalmente nos procesos de socialización e nas súas axencias e ámbitos principais, e nomeadamente, na escolarización nas sociedades modernas; mais tamén se dá a debida importancia aos aspectos xerais da disciplina sociolóxica.

### OBXECTIVOS:

- Abordar os aspectos sociais -non pedagóxicos nin didácticos- implicados nos procesos educativos.
- Contextualizar os procesos educativos no seu medio social e histórico, nomeadamente na actualidade.
- Adquirir coñecementos básicos de Socioloxía e poder usar as súas achegas teóricas como ferramentas de análise e comprensión da realidade social e educativa.
- Incorporar coñecementos de disciplinas afíns.
- Desenvolver capacidades de comprensión e análise do medio social e a capacidade de aplicación para avaliar e prever o impacto, máis alá da aula e da práctica profesional diaria, na integración da comunidade, na resolución de conflitos e na innovación educativa.

## Competencias de titulación

Código	
A4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
A7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia
A8	Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia
A9	Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
A10	Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias
A11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promova-la nos estudantes
A12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
B1	Capacidade de análise e síntese

B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Comunicación oral e escrita
B5	Coñecemento de informática
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Resolución de problemas
B8	Toma de decisións
B9	Traballo en equipo
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
B13	Razoamento crítico
B14	Compromiso ético
B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Creatividade
B18	Lideranza
B20	Iniciativa e espírito emprendedor
B21	Motivación pola calidade

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
O alumnado deberá acadar as seguintes competencias procedimentais:	B1
	B2
Adquirir destrezas metodolóxicas (B1, B2, B3, B5, B6, B7, B8, B9, B12, B15, B16, B17 e B21)	B3
- Aprender a seleccionar e xerarquizar a información	B5
- Planificar o traballo, acadar metas concretas, establecer obxectivos e medios	B6
- Avaliar custos e posibles limitacións do traballo de investigación empírica,	B7
- Análizar resultados e proceso de investigación	B8
- Sistematizar e presentar oralmente e por escrito os contidos previstos.	B9
	B12
Adquirir destrezas tecnolóxicas: B5, B6, B7, B15, B16, B17 e B21	B15
- Coñecer as ferramentas básicas de informática e audiovisual (procesador de texto, power point, folla de cálculo, acceso a internet, programas multimedia e gravación de voz ou vídeo)	B16
- Traballar con fontes e bases de datos estatísticos	B17
- Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación.	B21
- Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural	
Adquirir destrezas lingüísticas: B3	
- Comprensión de textos complexos	
- Expresión escrita, comunicación oral en público	
- Capacidade de captar a atención do receptor	
- Resumir e poñer xunta información complexa ou de fontes diferentes.	

O alumnado ha de ser quen de acadar as seguintes competencias cognitivas:	A4	B1
	A7	B13
Coñecer as bases e os conceptos fundamentais da ciencia sociolóxica, así como o máis básico da súa metodoloxía (A8, A9, A11, A12, B1, B13, B15).	A8	B15
	A9	
	A11	
Comprender e diferenciar os principais paradigmas en Socioloxía; manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas, nomeadamente as que teñen por obxectivo educar e aquelas que contribúen dun xeito implícito á socialización (A12, B1, B13, B15).	A12	
Coñecer e traballar co concepto de socialización e os procesos e axentes que implica, nomeadamente a socialización escolar a súa relación co sistema social a cos roles principais (A8, A12, B1, B13, B15).		
Coñecer e comprender a relación entre o sistema educativo e o sistema social: económico, político, cultural, estratificación (A4, A8, A12, B1, B13, B15).		
Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e comprender e diferenciar as funcións e as relacións entre a familia e o sistema educativo (A8, A12, B1, B13, B15).		
Comprender as posibilidades e os límites da reforma e da innovación educativa (A8, A12, B1, B13, B15).		
Coñecer o papel e funcións que afectan aos colexios de educación primaria e aos seus profesionais; coñecer a construción social, o papel e as relacións dos principais protagonistas dos procesos educativos: infancia e mocidade, docentes e familias (A8, A12, B1, B13, B15).		
Analizar as consecuencias dos sistemas de estratificación e da desigualdade sobre o sistema escolar e o alumnado (A8, A12, B1, B13, B15).		
Comprender as relacións sociais que subxacen os procesos de inculcación, selección e omisión curriculares (A8, A12, B1, B13, B15).		
Comprender as relacións que se establecen na aula e nos centros como microsociedade. Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente (A8, A11, A12, B1, B13, B15).		
O alumnado deberá adquirir as seguintes competencias relacionadas co saber ser e estar (A19, A12, B7, B8, B9, B11, B12, B13, B14, B16, B18, B20).	A10 A12	B7 B8 B9
Competencias para tarefas colaboradoras, de relación interpersoal, de adaptación e de compromiso:		B11
- Capacidade de escoitar aos demais e captar o sentido do que expresan		B12
- Capacidade de facerse entender e convencer aos demais das súas propostas		B13
- Adaptación a calendarios de traballo e para realizar as tarefas		B14
- Adaptar e flexibilizar os resultados dos seu traballo ao obxectivo común		B15
- Compromiso co traballo, finalización das tarefas ou obxectivos marcados		B16
- Redefinición dos obxectivos ou medios se estes non se axustan aos fins marcados		B18
- Axuste a horarios e pautas externas de traballo		B20
- Asumir a responsabilidade propia, determinar as demandas feitas por outros e non confundir cos intereses persoais		
(*)(*)		

## Contidos

### Tema

TEMA 1.- Xénese e evolución da Socioloxía: A perspectiva sociolóxica.	- Perspectiva sociolóxica, perspectiva global e perspectiva sociolóxica na vida cotiá - A socioloxía como ciencia: orixes e desenvolvemento - Teoría sociolóxica: principais paradigmas - Novas perspectivas e outras miradas: a perspectiva de xénero - Debate entre estrutura e acción
---	--

TEMA 2.- Conceptos sociolóxicos básicos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Introducción: concepto de sociedade, evolución e tipos de sociedade</li> <li>- Individuo e sociedade, achegas da socioloxía clásica: Marx, Weber e Durkheim (conflito, racionalización, función, anomia)</li> <li>- Cultura: conceptualización, diversidade cultural, subcultura e contracultura; símbolos, valores, normas, desviación e control social</li> <li>- Estrutura social e interacción, status e rol.</li> <li>- Estratificación social: a clase, o xénero e a etnia.</li> <li>- Grupos e organizacións.</li> <li>- Metodoloxía, nocións básicas para o traballo de investigación: a definición do problema, as achegas teóricas, a formulación da hipótese, a esollida do deseño (distinción métodos e ferramentas básicas), recollida e compilación dos datos, interpretación dos resultados, elaboración de informe.</li> </ul>
TEMA 3.- Socialización: marco xeral, familiar e escolar	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Socialización: teorías, proceso e axencia; referencia específica á socialización de xénero</li> <li>- A socialización no marco da familia, os modelos de socialización familiar, a relación familia-escola.</li> <li>- O ámbito específico da socioloxía da educación: da achega dos clásicos aos paradigmas actuais.</li> <li>- O obxecto da socioloxía da educación: os niveis microsociolóxico, intermedio e macrosociolóxico.</li> <li>- Os temas de interese na socioloxía da educación.</li> <li>- O papel da escola na reprodución da sociedade.</li> <li>- A eficacia da socialización escolar.</li> </ul>
TEMA 4.- Sistema social e sistema educativo	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O sistema social e o sistema educativo: desenvolvemento</li> <li>- Características comúns e xerais dos sistemas educativos: xeneralidade, obrigatoriedade, ramificación, burocratización.</li> <li>- A orixe do sistema escolar.</li> <li>- A xenealoxía do sistema educativo en España</li> </ul>
TEMA 5.- O sistema educativo: funcións e proceso de reforma e readaptación permanente	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións: socialización para o traballo, formación cívica, socialización para o consumo e o patriarcado, construción do consenso social a través da educación escolar, a creación de identidade nacional, a regulación do mercado de traballo, a custodia e vixilancia da infancia.</li> <li>- Reforma escolar e políticas educativas</li> </ul>
TEMA 6.- A estratificación social e as súas consecuencias no sistema educativo e nos individuos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A abordaxe teórica da desigualdade</li> <li>- Clases sociais e educación: clase social e rendemento escolar, os factores de logro escolar en relación coa clase social.</li> <li>- O xénero como categoría relevante na desigualdade educativa. O sexismo nos contidos curriculares, na interacción informal e na organización do proceso educativo</li> <li>- A etnia e a cultura como categoría relevante na análise da desigualdade e do logro: a diversidade cultural, a interculturalidade na sociedade global.</li> </ul>
TEMA 7.- Cultura e educación: o currículo desde a perspectiva sociolóxica	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O concepto de currículo, saberes escolares: o expreso e o oculto, espazo e tempo, A organización escolar</li> <li>- As relacións sociais do proceso educativo: inculcación, selección/omisión, segregación/inclusión</li> <li>- A reprodución cultural e social e a violencia simbólica</li> <li>- A linguaxe e o currículo</li> <li>- A escola aparello de poder disciplinario</li> </ul>
TEMA 8.- Os axentes principais do proceso educativo escolar	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A análise sociolóxica do profesorado: a ambivalencia da profesión docente, o profesorado como categoría e como grupo de estatus. A feminización da profesión docente.</li> <li>- A análise sociolóxica da infancia: a construción social da infancia, a infancia postmoderna, a condición social do alumnado e a distribución do poder na aula, as violencias nas escolas: burlas, castigos e agresións, a competencia cos medios de comunicación e os retos das novas tecnoloxías</li> </ul>
TEMA 9.- A análise microsociolóxica da vida escolar	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A aula como microsociedade: significación social da aula e da relación educativa, poder e estratificación</li> <li>- A aula como marco de comportamento: negociación, estigma, resistencia</li> <li>- A comunicación na aula</li> <li>- A socialización da forza de traballo: estratificación do traballo e socialización diferencial e constitución do individuo illado</li> </ul>
(*)(*)	(*)(*)

## Planificación

Horas na aula

Horas fóra da aula

Horas totais

Titoría en grupo	3	0	3
Traballos tutelados	10	20	30
Presentacións/exposicións	8	6	14
Foros de discusión	0	3	3
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	16	16
Prácticas autónomas a través de TIC	4	0	4
Seminarios	5	10	15
Actividades introductorias	2	0	2
Estudos/actividades previos	0	20	20
Sesión maxistral	10	0	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	10	20	30
Probas de resposta curta	1	0	1
Cartafol/dossier	1	0	1
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Titoría en grupo	<p>□ Descrición: este é un tempo reservado para atender e resolver dúbidas do alumnado. Durante este curso cada alumna/o deberá dedicar 3 horas a esta actividade.</p> <p>□ Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o Atención, seguimento e orientación personalizada do alumnado.</li> <li>o Intercambiar información, opinións e coñecementos.</li> <li>o Favorecer o feedback entre docente e alumnado sobre os traballos da materia.</li> <li>o Seguimento da comprensión de conceptos e contidos e resolución de dúbidas.</li> <li>o Asesoramento na procura de información.</li> </ul> <p>□ Modalidade: guiada.</p> <p>□ Natureza: teórica e práctica.</p> <p>□ Escenario: despacho 113, aula C ou B.</p> <p>□ Grupos: reducido (entre 4 e 9).</p> <p>□ Tarefas do alumnado: preparar as dúbidas, etc.</p>
Traballos tutelados	<p>□ Descrición: actividades que realiza o alumnado. Algúns exemplos poden ser:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Recensións sobre artigos científicos de actualidade.</li> <li>-Traballos monográficos.</li> <li>-Procura de información en publicacións, bases de datos, artigos, libros□ sobre un tema en concreto.</li> <li>-Proxectos: deseño e desenvolvemento dun traballo de investigación que inclúa parte ou todas as actividades precedentes.</li> </ul> <p>Quen se encargue da docencia acoutará e aceptará os temas de estudo propostos polo alumnado. Realizará o seguimento do traballo e avaliará o proceso e o resultado final.</p> <p>□ O obxectivo é adquirir e consolidar coñecementos e formar parte fundamental do traballo que se avalia.</p> <p>□ Modalidade: autónoma.</p> <p>□ Natureza: práctica.</p> <p>□ Escenario: non hai prescrición.</p> <p>Realizarase en grupo reducido (3-4 compoñentes)</p> <p>O alumnado realizará o traballo a partir do guión proporcionado pola/o docente, dispoñendo das sesións de prácticas (horas B) e das sesións de titoría para facilitar o seguimento do seu traballo.</p>

Presentacións/exposicións	<p>Descrición: todos os traballos tutelados nas sesións prácticas deben ser presentados en público a todo o grupo en sesións habilitadas a tal efecto ao final do cuadrimestre, nas dúas semanas lectivas do mes de xaneiro.</p> <p>Tamén se poden expoñer, pero non é obrigatorio, outros traballos que se vaian realizando de forma voluntaria polo alumnado.</p> <p>Estas exposicións consistirán en presentar un tema concreto ou un traballo (previa presentación escrita).</p> <p>Trátase dunha metodoloxía que traballa unha competencia nuclear e transversal cuxo obxectivo é aprender a comunicar.</p> <p>Dos traballos farase exposición en grupo -os que se realicen en grupo- ou individualmente os que se fagan de forma voluntaria.</p> <p>As presentacións serán avaliadas pola docente en función dos criterios previamente establecidos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>□ Modalidade: guiada.</li> <li>□ Natureza: práctica.</li> <li>□ Escenario: aula ordinaria que conta co recursos tecnolóxicos (canón de proxección, transparencias, conexión a Internet, vídeo ou DVD).</li> <li>□ Grupo: grande, mediano ou reducido</li> <li>□ Tarefas do alumnado: <ul style="list-style-type: none"> <li>o Expoñer o traballo diante dos membros compoñentes do curso.</li> <li>o Defender publicamente o seu traballo, é dicir, debe responder ás preguntas e críticas de colegas e docentes.</li> <li>o Poderá explicar, a modo de conclusión, os problemas que se tiveran durante la elaboración do traballo.</li> </ul> </li> </ul>
Foros de discusión	<p>Descrición: esta é unha actividade, que se realiza a través das TIC, na que se debate e intercambia opinión e información de interese para o desenvolvemento teórico e práctico da materia, especialmente temas de actualidade ou de relevancia.</p> <p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o Traballar e consolidar coñecementos.</li> <li>o Cuestionar(se) as opinións persoais.</li> <li>o Desenvolver habilidades comunicativas.</li> </ul> <p>Modalidade: autónoma.</p> <p>Natureza: práctica.</p> <p>Escenario: onde haxa conexión.</p> <p>Grupos: grande, mediano ou reducido.</p> <p>Seleccionarase un tema de debate entre docente e alumnado para desenvolver a través da plataforma TIC, de ser preciso, quen teña a cargo esa docencia dinamizará ou moderará o foro.</p>
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	<p>Descrición: formulación, análise, resolución autónoma individual, realización para cada sesión en grupo A e, de proceder, debate en gran grupo, dun exercicio relacionado directamente cos temas da materia.</p> <p>Obxectivo</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o Reflexionar e relacionar teoría e práctica</li> <li>o Introducir novos conceptos e integralos cos xa coñecidos</li> <li>o Consolidar coñecementos</li> </ul> <p>A docente proporá nos materiais de consulta e estudo -ao final de cada tema- unha batería de exercicios de autoavaliación cuxa resolución integrará o contido do cartafol xunto con outros traballos voluntarios. A docente revisará este material que formará parte da avaliación final.</p> <p>Modalidade: autónoma.</p> <p>Natureza: práctica.</p> <p>Escenario: non prescrito para a preparación, aula A para a resolución e recollida.</p> <p>Tarefas do alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o Resolver o problema ou exercicio proposto pola docente a partir do guión facilitado. En cada sesión A farase a resolución dun exercicio que se recollerá pola docente de forma que se teña como evidencia para a avaliación continua e final.</li> <li>o Aínda que as actividades se realizaren de forma autónoma, o alumnado disporá en todo momento de sesións de titoría para que quen teña acargo a docencia concreta (teórica ou práctica) poida facer un seguimento da actividade.</li> </ul>

Prácticas autónomas a través de TIC

□ Descripción: desenvolver con axuda das TIC prácticas de búsqueda de información, manexo de ferramentas básicas para deseñar táboas e gráficas, tratamento de datos e búsqueda de fontes estatísticas.

Desenvolveranse 2 sesións ao inicio do curso en horas B, as dúas primeiras semanas, e outras 2, tamén en horas B cando o desenvolvemento dos traballos o requira, é dicir. no momento en que se trate de buscar, procesar e presentar a información para os traballos. Aproximadamente terán lugar na 2ª, 3ª, e 4ª semana de novembro.

□ Obxectivos:

o Facilitar a correlación entre a teoría e a práctica.

o Consolidar coñecementos.

o Utilizar programas ou recursos informáticos.

□ Modalidade: guiada.

□ Natureza: práctica.

□ Escenario: aula de informática ou aula B e en grupo mediano.

□ Quen estea a cargo da docencia deberá elaborar e proporcionar un guión para orientar a realización do traballo e da actividade, deberá facer o seguimento da evolución da actividade, e a observación do alumnado.

□ Tarefas do alumnado: realizar a actividade proposta en tempo e forma.

---

Seminarios

□ Descripción: trátase dun traballo que pretende profundar ou ampliar algo máis nun tema (monográfico) relacionado directamente coa materia.

Terán lugar dous seminarios en pequeno grupo en 4 sesións de horas C durante varias sesións co fin de dar tempo a preparar lecturas e textos e analizar elementos diversos como curtametraxes, publicidade, audiovisuais, imaxes etc.

□ Obxectivo: intercambiar e consolidar coñecementos teórico-prácticos e fomentar a interactividade entre o alumnado e deste coa docente.

□ Modalidade: guiada.

□ Natureza: práctica.

□ Escenario: aula ordinaria con recursos TIC.

□ Grupos: mediano ou reducido.

□ Tarefas do alumnado: procura, lectura, traballo de documentación e achega da documentación aos demais participantes. Participación activa en debate de aula.

---

Actividades introductorias

□ Descripción:

Esta actividade realizarase na primeira sesión en gran grupo -A- e terá unha duración de 2 horas.

Está encamiñada a tomar contacto entre todo o grupo e a recoller información do alumnado respecto de coñecementos previos na materia, intereses e motivacións.

Proxectarase unha curtametraxe que o alumnado terá que analizar e a docente abordará preguntando sobre ideas e conceptos suscitados para coñecer o grao de afinidade e a posible comprensión dos temas relacionados coa materia.

Asemade presentarse un exercizo práctico no que o alumnado terá que responder oralmete a unhas preguntas.

Na última media hora farase a presentación da materia: obxectivos, contidos de traballo, metodoloxía, criterios e formas de avaliación, etc.

□ Obxectivo: poñer en común os obxectivos, contidos, metodoloxía, criterios de avaliación...)

□ Modalidade: guiada.

□ Natureza: teórico-práctica.

□ Escenario: aula ordinaria.

□ Grupo: grande.

□ Tarefas do alumnado: participar da actividade facilitando información, escoitar, entender e debater que se esixirá durante o desenvolvemento da materia.

---

Estudos/actividades previas	<p>□ Descrición: sempre antes de cada sesión presencial maxistral (horas A) ou do desenvolvemento de traballo práctico (horas B) o alumnado realizará as actividades previstas como previas.</p> <p>O alumnado deberá procurar, ler e traballar a documentación ou o material proposto e facilitado pola/o docente.</p> <p>o Pode ser para unha actividade teórica ou práctica (a busca de información ou solución a unha cuestión suscitada e que haxa de ser resolta na práctica de aula).</p> <p>□ Obxectivo: aprender e asistir ás aulas cun mínimo de coñecementos da materia que permita avanzar a bo ritmo e compartir coñecementos co grupo para facilitar o debate en sesión maxistral, seminario ou práctica.</p> <p>Quen se encargue da docencia porá a disposición do alumnado o material de lectura ou a indicación do mesmo que o alumnado deberá (ou poderá) consultar.</p> <p>□ Modalidade: autónoma.  □ Natureza: práctica.  □ Escenario: non prescrito.  □ Realizárase en grupo reducido ou de forma individual.</p> <p>□ Tarefas do alumnado:  o Procurar documentación (bibliográfica, bases de datos, etc.)  o Ler a documentación facilitada pola/o docente ou obtida polos seus propios medios.</p>
Sesión maxistral	<p>Exposición dos contidos da materia:  Relacionar coa sesión anterior.  Resaltar as ideas principais.  Explicacións ordenadas e estruturadas.</p> <p>Exemplos (de actualidade, reais, etc.)  Relacionar os novos conceptos. Asegurar a comprensión dos contidos. Pode incluír a exposición teórica dun concepto ou o debate e resolución de cuestións.</p> <p>□ Obxectivo: Comunicar e compartir coñecementos.  □ Modalidade: Guiada. A presenza da docente é necesaria.  □ Natureza: fundamentalmente teórica.  □ Escenario: aula ordinaria A (na que se desenvolven habitualmente as aulas).</p> <p>Recursos tecnolóxicos (proxector, conexión a Internet, vídeo ou dvd□).</p> <p>□ Grupos: grande.</p> <p>□ Tarefas do alumnado: participar na sesión (lectura previa, toma de notas, participación activa na sesión, contestar preguntas□)</p>
Resolución de problemas e/ou exercicios	<p>□ Descrición: formulación e análise, resolución e debate de exercicios relacionados coa temática da materia.</p> <p>A docente propón, ao final de cada tema, por escrito e de forma organizada unha batería de exercicios e actividades.</p> <p>O propio material de consulta e lectura a disposición do alumnado conforma a guía de orientación e análise, centra os puntos de interese, de ampliación ou de complexidade para a posterior discusión e posta en común na aula.</p> <p>A docente preguntará en todas as sesións de gran grupo e a segur das sesións maxistrais pola súa realización e resolveranse na aula aqueles exercicios que o alumnado requira.</p> <p>□ Obxectivo: Reflexionar e relacionar teoría e práctica e proporcionar feedback ao alumnado sobre o proceso de aprendizaxe. Realmente é unha peza metodolóxica integrada, que permite aprender, consolidar, ampliar, autoavaliar e avaliar, e comunicar na aula.</p> <p>□ Modalidade: guiada.  □ Natureza: práctica.  □ Escenario: aula ordinaria con recursos tecnolóxicos.  □ Grupos: grande, mediano e reducido. Individual e posta en común.  □ Tarefas do alumnado: o alumnado deberá resolver, de forma autónoma e posterior á sesión de presentación de cada tema, os exercicios e preguntas propostos ao final de cada tema a partir do material de estudo facilitado pola docente. Posteriormente terá lugar a resolución presencial dun deles correspondente con cada tema en aula A para ser recollido pola docente para a avaliación. Asemade farase a posta en común de dúbidas e preguntas en relación a calquera deles.</p>

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Prácticas autónomas a través de TIC	Con esta atención preténdese guiar todo o traballo, tanto teórico como práctico, exercicios, traballos, estudo, etc., así como facer o seguimento personalizado -que se consignará nas fichas- da evolución e avaliación de proceso. Durante o desenvolvemento do curso o alumnado vai ter atención personalizada: - Nas horas B, nas que a/o docente guiará o proceso de aprendizaxe en TIC e tutelará o traballo de investigación de cada grupo fase por fase. - Nas horas C, nas que o grupo vai estar dividido en catro, e nas que se debaterán e porán en común a resolución de exercicios e preguntas de autoavaliación, as dúbidas que se susciten no estudo, a preparación dos seminarios... - En titoría individual (ou en grupo) no despacho 113, nas horas consignadas para elo no plan da facultade. O alumnado terá que cubrir: - 3 horas de titoría de grupo, en despacho ou en horas C. - 1 hora de titoría individual en despacho ao longo do cuadrimestre. Nesta hora, dividida en tramos de 20 minutos ao longo do cuadrimestre, revisarase o cartafol como base para o seguimento e avaliación.
Presentacións/exposicións	Con esta atención preténdese guiar todo o traballo, tanto teórico como práctico, exercicios, traballos, estudo, etc., así como facer o seguimento personalizado -que se consignará nas fichas- da evolución e avaliación de proceso. Durante o desenvolvemento do curso o alumnado vai ter atención personalizada: - Nas horas B, nas que a/o docente guiará o proceso de aprendizaxe en TIC e tutelará o traballo de investigación de cada grupo fase por fase. - Nas horas C, nas que o grupo vai estar dividido en catro, e nas que se debaterán e porán en común a resolución de exercicios e preguntas de autoavaliación, as dúbidas que se susciten no estudo, a preparación dos seminarios... - En titoría individual (ou en grupo) no despacho 113, nas horas consignadas para elo no plan da facultade. O alumnado terá que cubrir: - 3 horas de titoría de grupo, en despacho ou en horas C. - 1 hora de titoría individual en despacho ao longo do cuadrimestre. Nesta hora, dividida en tramos de 20 minutos ao longo do cuadrimestre, revisarase o cartafol como base para o seguimento e avaliación.
Traballos tutelados	Con esta atención preténdese guiar todo o traballo, tanto teórico como práctico, exercicios, traballos, estudo, etc., así como facer o seguimento personalizado -que se consignará nas fichas- da evolución e avaliación de proceso. Durante o desenvolvemento do curso o alumnado vai ter atención personalizada: - Nas horas B, nas que a/o docente guiará o proceso de aprendizaxe en TIC e tutelará o traballo de investigación de cada grupo fase por fase. - Nas horas C, nas que o grupo vai estar dividido en catro, e nas que se debaterán e porán en común a resolución de exercicios e preguntas de autoavaliación, as dúbidas que se susciten no estudo, a preparación dos seminarios... - En titoría individual (ou en grupo) no despacho 113, nas horas consignadas para elo no plan da facultade. O alumnado terá que cubrir: - 3 horas de titoría de grupo, en despacho ou en horas C. - 1 hora de titoría individual en despacho ao longo do cuadrimestre. Nesta hora, dividida en tramos de 20 minutos ao longo do cuadrimestre, revisarase o cartafol como base para o seguimento e avaliación.
Titoría en grupo	Con esta atención preténdese guiar todo o traballo, tanto teórico como práctico, exercicios, traballos, estudo, etc., así como facer o seguimento personalizado -que se consignará nas fichas- da evolución e avaliación de proceso. Durante o desenvolvemento do curso o alumnado vai ter atención personalizada: - Nas horas B, nas que a/o docente guiará o proceso de aprendizaxe en TIC e tutelará o traballo de investigación de cada grupo fase por fase. - Nas horas C, nas que o grupo vai estar dividido en catro, e nas que se debaterán e porán en común a resolución de exercicios e preguntas de autoavaliación, as dúbidas que se susciten no estudo, a preparación dos seminarios... - En titoría individual (ou en grupo) no despacho 113, nas horas consignadas para elo no plan da facultade. O alumnado terá que cubrir: - 3 horas de titoría de grupo, en despacho ou en horas C. - 1 hora de titoría individual en despacho ao longo do cuadrimestre. Nesta hora, dividida en tramos de 20 minutos ao longo do cuadrimestre, revisarase o cartafol como base para o seguimento e avaliación.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Con esta atención preténdese guiar todo o traballo, tanto teórico como práctico, exercicios, traballos, estudo, etc., así como facer o seguimento personalizado -que se consignará nas fichas- da evolución e avaliación de proceso. Durante o desenvolvemento do curso o alumnado vai ter atención personalizada: - Nas horas B, nas que a/o docente guiará o proceso de aprendizaxe en TIC e tutelará o traballo de investigación de cada grupo fase por fase. - Nas horas C, nas que o grupo vai estar dividido en catro, e nas que se debaterán e porán en común a resolución de exercicios e preguntas de autoavaliación, as dúbidas que se susciten no estudo, a preparación dos seminarios... - En titoría individual (ou en grupo) no despacho 113, nas horas consignadas para elo no plan da facultade. O alumnado terá que cubrir: - 3 horas de titoría de grupo, en despacho ou en horas C. - 1 hora de titoría individual en despacho ao longo do cuadrimestre. Nesta hora, dividida en tramos de 20 minutos ao longo do cuadrimestre, revisarase o cartafol como base para o seguimento e avaliación.

Resolución de problemas e/ou exercicios

Con esta atención preténdese guiar todo o traballo, tanto teórico como práctico, exercicios, traballos, estudo, etc., así como facer o seguimento personalizado -que se consignará nas fichas- da evolución e avaliación de proceso. Durante o desenvolvemento do curso o alumnado vai ter atención personalizada: - Nas horas B, nas que a/o docente guiará o proceso de aprendizaxe en TIC e tutelará o traballo de investigación de cada grupo fase por fase. - Nas horas C, nas que o grupo vai estar dividido en catro, e nas que se debaterán e porán en común a resolución de exercicios e preguntas de autoavaliación, as dúbidas que se susciten no estudo, a preparación dos seminarios... - En titoría individual (ou en grupo) no despacho 113, nas horas consignadas para elo no plan da facultade. O alumnado terá que cubrir: - 3 horas de titoría de grupo, en despacho ou en horas C. - 1 hora de titoría individual en despacho ao longo do cuadrimestre. Nesta hora, dividida en tramos de 20 minutos ao longo do cuadrimestre, revisarase o cartafol como base para o seguimento e avaliación.

Seminarios

Con esta atención preténdese guiar todo o traballo, tanto teórico como práctico, exercicios, traballos, estudo, etc., así como facer o seguimento personalizado -que se consignará nas fichas- da evolución e avaliación de proceso. Durante o desenvolvemento do curso o alumnado vai ter atención personalizada: - Nas horas B, nas que a/o docente guiará o proceso de aprendizaxe en TIC e tutelará o traballo de investigación de cada grupo fase por fase. - Nas horas C, nas que o grupo vai estar dividido en catro, e nas que se debaterán e porán en común a resolución de exercicios e preguntas de autoavaliación, as dúbidas que se susciten no estudo, a preparación dos seminarios... - En titoría individual (ou en grupo) no despacho 113, nas horas consignadas para elo no plan da facultade. O alumnado terá que cubrir: - 3 horas de titoría de grupo, en despacho ou en horas C. - 1 hora de titoría individual en despacho ao longo do cuadrimestre. Nesta hora, dividida en tramos de 20 minutos ao longo do cuadrimestre, revisarase o cartafol como base para o seguimento e avaliación.

<b>Probos</b>	<b>Descrición</b>
---------------	-------------------

Cartafol/dossier	Con esta atención preténdese guiar todo o traballo, tanto teórico como práctico, exercicios, traballos, estudo, etc., así como facer o seguimento personalizado -que se consignará nas fichas- da evolución e avaliación de proceso. Durante o desenvolvemento do curso o alumnado vai ter atención personalizada: - Nas horas B, nas que a/o docente guiará o proceso de aprendizaxe en TIC e tutelará o traballo de investigación de cada grupo fase por fase. - Nas horas C, nas que o grupo vai estar dividido en catro, e nas que se debaterán e porán en común a resolución de exercicios e preguntas de autoavaliación, as dúbidas que se susciten no estudo, a preparación dos seminarios... - En titoría individual (ou en grupo) no despacho 113, nas horas consignadas para elo no plan da facultade. O alumnado terá que cubrir: - 3 horas de titoría de grupo, en despacho ou en horas C. - 1 hora de titoría individual en despacho ao longo do cuadrimestre. Nesta hora, dividida en tramos de 20 minutos ao longo do cuadrimestre, revisarase o cartafol como base para o seguimento e avaliación.
------------------	--

Probos de resposta longa, de desenvolvemento	Con esta atención preténdese guiar todo o traballo, tanto teórico como práctico, exercicios, traballos, estudo, etc., así como facer o seguimento personalizado -que se consignará nas fichas- da evolución e avaliación de proceso. Durante o desenvolvemento do curso o alumnado vai ter atención personalizada: - Nas horas B, nas que a/o docente guiará o proceso de aprendizaxe en TIC e tutelará o traballo de investigación de cada grupo fase por fase. - Nas horas C, nas que o grupo vai estar dividido en catro, e nas que se debaterán e porán en común a resolución de exercicios e preguntas de autoavaliación, as dúbidas que se susciten no estudo, a preparación dos seminarios... - En titoría individual (ou en grupo) no despacho 113, nas horas consignadas para elo no plan da facultade. O alumnado terá que cubrir: - 3 horas de titoría de grupo, en despacho ou en horas C. - 1 hora de titoría individual en despacho ao longo do cuadrimestre. Nesta hora, dividida en tramos de 20 minutos ao longo do cuadrimestre, revisarase o cartafol como base para o seguimento e avaliación.
--	--

Probos de resposta curta	Con esta atención preténdese guiar todo o traballo, tanto teórico como práctico, exercicios, traballos, estudo, etc., así como facer o seguimento personalizado -que se consignará nas fichas- da evolución e avaliación de proceso. Durante o desenvolvemento do curso o alumnado vai ter atención personalizada: - Nas horas B, nas que a/o docente guiará o proceso de aprendizaxe en TIC e tutelará o traballo de investigación de cada grupo fase por fase. - Nas horas C, nas que o grupo vai estar dividido en catro, e nas que se debaterán e porán en común a resolución de exercicios e preguntas de autoavaliación, as dúbidas que se susciten no estudo, a preparación dos seminarios... - En titoría individual (ou en grupo) no despacho 113, nas horas consignadas para elo no plan da facultade. O alumnado terá que cubrir: - 3 horas de titoría de grupo, en despacho ou en horas C. - 1 hora de titoría individual en despacho ao longo do cuadrimestre. Nesta hora, dividida en tramos de 20 minutos ao longo do cuadrimestre, revisarase o cartafol como base para o seguimento e avaliación.
--------------------------	--

<b>Avaliación</b>	

Descrición	Cualificación
------------	---------------

Traballos tutelados	Esta metodoloxía está pensada para poñer en práctica os coñecementos adquiridos e activar as capacidades que permiten acadar competencias de aplicación á realidade. O traballo será guiado, avaliado en proceso, e avaliado ao final. A base será a participación nas sesións de introdución e seguemento e a memoria onde se recolle o realizado.	Ningún traballo se poderá dar por finalizado ata que non acade a cualificación de aprobado. Na cualificación total representa un valor do 20, con independencia do valor da presentación pública do mesmo.
Presentacións/exposicións	Neste apartado terase en conta a presentación pública dos traballos tutelados e a presentación e debate ou posta en común en aula dos exercizos e dos seminarios.	O valor da exposición dos traballos e das exposicións orais en aula e seminarios representa o 20 do total final. O reparto é a partes iguais entre os tres tipos de presentacións.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Esta metodoloxía está pensada para aquelas persoas que desexen afondar un pouco máis nos temas. No material preparado pola docente fanse suxestións que orientan ao alumnado para este fin, podendo tamén o propio alumnado afondar en aspectos que non estean suxeridos pola docente. Este traballo pasará a formar parte do cartafol que debrá realizar cada alumna/o.	Este apartado terá un valor do 0,66% do total do cartafol.
Seminarios	Haberá dous seminarios en horas C, ao longo do cuadrimestre. Para o seu desenvolvemento será preciso que o alumnado se documente previamente. Na sesión de seminario cada quen intervirá presentando as conclusións ás que chegara, de modo que se comparta información e se poida debater no grupo.	O traballo de participación realizado nas dúas sesións suporá un 0.66 da cualificación total (incluída no conxunto das presentacións), e o 0,66% da puntuación que se poida acadar no cartafol, que será valorado cando sexa revisado na titoría.
Probas de resposta curta	Durante o desenvolvemento do curso realizaranse 9 probas de resposta curta sen apoio de apuntamentos nin material. Cada proba correspóndese con cadanseu tema. A primeira realizarase ao rematar o primeiro e así sucesivamente. Para asúa preparación basta con estudar e comprender a documentación básica de estudo e resolver os exercicios de autoavaliación propostos ao final de cada tema. Estas probas terán unha duración de 10-15 minutos cada unha.	A superación do 80 das mesmas cun resultado satisfactorio (5 sobre 10) suporá o 50 do resultado das probas teóricas. No conxunto supón un 20 do total da puntuación da materia.
Cartafol/dossier	O dossier será un caderno no que se irá plasmando todo o traballado no curso agás o traballo tutelado. Irase revisando na titoría ao longo do cuadrimestre.	O valor do cartafol é do 20 da cualificación final. Comporán esa cualificación tres elementos: - o recompilado para os seminarios - o recompilado como traballo voluntario - o recompilado como exercizos de autoavaliación
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	A proba de desenvolvemento longa terá lugar na data da proba final oficial. Trarase dunha pregunta de desenvolvemento e un comentario de texto con datos. Disporase de dúas horas para asúa realización e poderanse consultar materiais como o cartafol ou outras lecturas de consulta.	O valor desta proba é do 20 do total.

## Outros comentarios sobre a Avaliación

### Bibliografía. Fontes de información

Cultura infantil y multinacionales, **Steimberg y Kinchelore (compiladores)**, Madrid: Morata,  
El harén pedagógico. Perspectiva de género en la organización escolar, **Santos Guerra (coordinador)**, Barcelona: Graó,  
Aprendiendo a trabajar: como los chicos de la clase obrera consiguen trabajos de clase obrera, **Willis, Paul**, Madrid: Akal,  
Investigación-acción, reflexión crítica sobre la práctica educativa, **VVAA.**, Eduforma,  
Atando teoría y práctica en la labor docente, **Viniegra, L.**, Barcelona: Paidós,  
Las reformas educativas a debate, **Varela, Julia**, Madrid: Morata,  
Diccionario de sociología, **Salvador Giner, Emilio Lamo de Espinosa e Cristóbal Torres (editores)**, Madrid: Alianza Editorial,  
La educación general en España, **Pérez-Díaz, Victor e Rodríguez, Juan C.**, Fundación Santillana,  
Sociología, **Macionis, John J. & Plummer, Ken**, Madrid: Prentice Hall,  
Sociología de la Educación, **Fernández Enguita, Mariano (editor)**, Barcelona: Ariel referencia,

Educación en tiempos inciertos, **Fernández Enguita, Mariano**, Madrid: Morata,  
Fernández Palomares, Francisco (coordinador), **Sociología de la educación.**, Madrid: Pearson,  
□Nacimiento de dos hermanos gemelos: el sociólogo y el maestro de escuela (reflejo de Francia en el, **Volker, Joan**,  
Barcelona: Península,  
Chicos son hombres serán: cómo romper los lazos entre masculinidad y violencia, **Miedziam, Myriam**, Madrid: Horas y  
horas,  
□La escuela obligatoria y la invención de la infancia anormal□ en Espacios de poder, **Muel, Francine**, Madrid: Ediciones de  
la Piqueta,  
La escuela a examen, **Fernández Enguita, Mariano**, Madrid: Pirámide.,  
La profesión docente y la comunidad escolar, **Fernández Enguita, Mariano**, Madrid: Morata,  
Vigilar y castigar, **Foucault, Michel**, Madrid: Siglo XXI,  
La escuela no es una empresa. El neoliberalismo al asalto de la escuela pública, **Laval, L.**, Barcelona: Paidós,  
Educar como □Dios manda□., **Appel, Michel W.**, Barcelona: Paidós,  
<http://www.un.org/>, **Naciones Unidas**,  
<http://www.oneworld.net>, **One World**,  
<http://www.europa.eu.int/index-en.htm>, **Unión Europea**,  
<http://portal.unesco.org/>, **UNESCO**,  
Escuelas y calidad de la enseñanza, **Informe internacional OCDE**, Barcelona: MEC/Paidós,  
Educación superior y futuro de España, **Pérez-Díaz, Víctor e Rodríguez, Juan C.**, Fundación Santillana,  
[www.ine.es](http://www.ine.es), **Instituto Nacional de Estadística**,  
<http://www.consellodacultura.org>, **Consello da Cultura Galega**,  
Falar galego: No veo por que. Aproximación cualitativa á situación sociolingüíst, **Iglesias Álvarez, Ana**, Xerais,  
[www.ige.eu/web/index](http://www.ige.eu/web/index)., **Instituto Galego de Estatística**,  
[faitic.uvigo.es/index.php?Itemid](http://faitic.uvigo.es/index.php?Itemid), **FAITIC. Universidade de Vigo. Plataforma virtual. Datos.**,  
[www.migualdad.es/mujer/](http://www.migualdad.es/mujer/), **Instituto de la Mujer. La mujer en cifras**,  
[sgi.xunta.es](http://sgi.xunta.es), **Servizo de Igualdade (Galicia)**,  
[www.oecd.org/document](http://www.oecd.org/document), **OCDE**,  
[www.injuve](http://www.injuve), **INJUVE (Instituto de la Juventud de España)**,  
[www.cervantesvirtual.com/](http://www.cervantesvirtual.com/), **Biblioteca Virtual Cervantes**,  
[www.redined.mec.es/](http://www.redined.mec.es/), **REDINET (Información educativa)**,  
[www.sc.ehu.es/sfwseec/basedatos.htm](http://www.sc.ehu.es/sfwseec/basedatos.htm), **ERIC (Centro de recursos educativos)**,  
[http://webs.uvigo.es/hcastro/guias/guia\\_dep08.html](http://webs.uvigo.es/hcastro/guias/guia_dep08.html), **Como realizar un trabajo académico**,  
[www.ucm.es/info/eurotheo/diccionario](http://www.ucm.es/info/eurotheo/diccionario), **Diccionario crítico de Ciencias Sociais**,  
Metodología de investigación, **Hernández Sapiéri**, Mc.Graw-Hill,

---

## Recomendacións

---

### Outros comentarios

Recoméndase poñer atención á diversa documentación que se sube á plataforma virtual FAITIC.

Nela están desenvolvidos os temas, esquemas de traballo, fichas para realizar comentarios e outros traballos voluntarios, guías de análise de películas con perspectiva sociolóxica, novas, anuncios, calendario previsto de realización do programa e datas das probas de avaliación. e, especialmente, bibliografía máis ampliada e bases de datos importantes para o desenvolvemento dos traballos.

Recoméndase encarecidamente que se lea esta guía con atención para poder aclarar as dúbidas xa na sesión de presentación da materia o primeiro día e non pasemos o curso aclarando cuestións que xa están recollidas neste documento.

Tamén é importante ler a prensa e estar ao tanto dos acontecementos, e ter unha actitude aberta, curiosa e crítica ante o mundo.